

Servizos Sociais pon en marcha a cuarta Unidade de Traballo Social para unha atención máis rápida aos usuarios

As 3 UTS existentes tiñan un excesivo volume de traballo que coa cuarta unidade verase reducido considerablemente

Para mellor eficacia do servizo, tamén se cambiou a distribución da poboación de referencia para equilibrala en todas as UTS

Vilagarcía de Arousa, 10 de setembro de 2016.- A Área de Servizos Sociais do Concello engade a partir de outubro unha nova Unidade de Traballo Social co obxectivo de reducir a carga de traballo dos profesionais e, como consecuencia, axilizar a asistencia aos usuarios e reducir as listas de agarda. A creación da cuarta UTS conlevou ademais a redistribución xeográfica da poboación de referencia de cada unidade co obxecto de equilibrar os cupos. Aínda que comezará a funcionar o 1 de outubro, as citas que se están a dar este mes xa atenden á nova distribución.

Atender a todas as persoas que precisan dos Servizos Sociais Municipais e facelo do xeito máis rápido e eficaz posible é a finalidade que perseguen as medidas que está a introducir a concelleira Tania García dende que tomou as rendas da Concellería de Benestar Social e Igualdade. Para elo, empezouse reforzando a plantilla do servizo mediante contratacións temporais a través de distintas liñas de axuda das administracións que se van renovando con cada convocatoria, pero tamén mediante a creación dunha nova praza nos orzamentos municipais de este ano 2016. Esta nova praza é a que ocupa a nova traballadora social que se fará cargo da cuarta UTS.

O reforzo do persoal complementase con outras medias como a reorganización do servizo.



Coa cuarta unidade, cada UTS para a ter unha poboación potencial asignada de en torno aos 9.500 habitantes, o que reduce nunhas 3.000 persoas o cupo que tiña ata o de agora cada unha das tres unidades. A redistribución xeográfica da poboación de referencia fíxose en base a catro criterios: a estabilidade na atención das persoas e menor variabilidade nos rueiros e zonas asignadas; a efectividade e dilixencia no reparto de áreas, reorganización e optimización de tempos; a equidade no reparto do número de habitantes empadroados en cada zona (aínda que poden non corresponder cos habitantes usuarios dos Servizos Sociais) e a minimización de factores de interferencia persoal na posible atención de persoas.

A estrutura actual dos Servizos Sociais municipais componse de:

Unha Unidade de Primeira Atención de Emerxencias (coberta mediante unha boleira do programa provincial), 4 Unidades de Traballo Social, 1 Traballadora Social para programas específicos como a Escola Infantil Municipal ou o Conciliatardes e que tamén se encarga da Unidade de Tramitación de apoio ás outras, 1 Educadora para os programas de apoio familiar, 2 auxiliares administrativos e a coordinadora do servizo.